

## **COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN E ACEPTACIÓN DE NORMAS**

Neste documento recóllense os aspectos xerais de funcionamento e usos da Escola Municipal de Horta Urbana Ecolóxica recollidos no documento "NORMAS DE FUNCIONAMENTO E USOS" regulador deste proxecto (consultar o documento completo na web municipal [www.soutomaior.com](http://www.soutomaior.com) [www.gabinetesoutomaior.com](http://www.gabinetesoutomaior.com) )

Tendo en conta isto, Dona \_\_\_\_\_,  
maior de idade con data de nacemento \_\_\_\_\_, con DNI núm.  
\_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_

### **MANIFESTO**

1. **Que** se me informou sobre as liñas xerais de participación no proxecto de Escola Municipal de Horta Urbana Ecolóxica do Concello de Soutomaior.

2. **Que** cumpro os requisitos requiridos para participar no proxecto:

- a) Ser veciño/a de Soutomaior, figurando inscrito/a no Padrón Municipal de habitantes.
- b) Estar fisicamente capacitado/a para realizar o traballo agrícola.
- c) Ser maior de idade ou vir acompañado dunha persoa que teña titularidade da horta/parcela previa autorización.
- d) Realizar e rematar con éxito o curso de iniciación á horta municipal ecolóxica convocado polo Concello de Soutomaior.

3. **Que** me comprometo a realizar o curso de iniciación á Horta Urbana Ecolóxica previsto para os días 11,18, de febreiro e 11,18 e 25 de marzo de 2017 sabendo este é un requisito imprescindible para participar no proxecto.

4. **Que** como persoa inscrita no curso adquiero o compromiso de participar e de rematalo con éxito dando isto lugar á posterior adxudicación temporal da parcela para continuar coas labores ata o mes de agosto baixo a supervisión da profesora e da comisión de seguimento.

5. **Que** a autorización de uso temporal supón o recoñecemento formal por parte dos usuarios/as do dereito de xestión do Concello de Soutomaior da parcela utilizada e da horta municipal na súa totalidade; así como, todas as instalacións inseparables ao terreo.

### **DECLARO**

1. **Que** o Concello encargárase inicialmente de acondicionar a Horta, da distribución de espazos, do sistema de rego por goteo e da subministración básica durante o curso de ferramentas, sementes, plantóns, compost.

2. **Que** cando remate o curso o Concello encargarse de supervisar e facer cumprir as normas para garantir o bo funcionamento. A docente do curso será quen titorice ás persoas titulares temporais de horta/parcela coa finalidade de resolver dúbidas, aconsellar e seguir formando ás persoas. As persoas titulares de horta/parcela encargaranse do traer o seu propio material e tamén de novas plantas para continuar co cultivo seguindo as indicacións técnicas da profesora/titora.

3. **Que** o horario establecido para a actividade agrícola aproveitará principalmente as horas diurnas, non entanto, o sistema de apertura do recinto será comunicado aos usuarios/as da Escola Municipal de Horta Urbana e Ecolóxica durante o curso.

4. **Que** o/a cesionario/a deberá manter a horta/parcela cultivada e en perfecto estado de decoro, respectando todos os elementos que forman parte da mesma ou a delimitan. Queda prohibida a instalación de casetas, cadeiras, bancos ou calquera tipo de instalación fóra das que instale o propio Concello ou sexan expresamente autorizada por este. Esta autorización deberá solicitarse por escrito e contestarse pola mesma vía á persoa que o solicite. No caso de ter chave de acceso á horta será responsabilidade do/a hortelano/a pechar a instalación. A chave deberá ser custodiada ata a finalización do proxecto e logo devolverse ao Concello. Responsabilizándose de pechar a instalación ao remate das labores agrícolas.

5. **Que** as persoas cesionarias de cada parcela deberán identificarse mediante o carne de usuario/a da Escola Municipal de Horta urbana ecolóxica que lle será facilitado polo Concello no momento da adxudicación no final do curso. Sempre que estean na horta deberán levalo visible porque poderá ser solicitado pola policía local, por persoal do Concello ou polos responsables asignados á horta municipal.

6. **Que** o Concello creará unha Comisión Técnica de Seguimento integrada por:

- A Concelleira de Educación e o Concelleiro de Medio Ambiente
- Persoal técnico municipal responsable da actividade formativa e educativa.
- Técnica en Agricultura que será a docente dos cursos e titora das persoas que participen no proxecto.
- Un/unha representante dos/as usuarios/as adxudicatario/a das hortas/parcela designado polo Concello previo informe da docente/titora do curso.
- Un membro da Entidade coordinadora da Horta Municipais, no seu caso.

7. **Que** os meus deberes e obrigas son

- cultivar o terreo cedido para a horta coa dilixencia dun bo/a labrador/a
- executar o seu traballo persoalmente ou polos membros da súa unidade familiar que previamente rexistrados/as,
- seguir as indicacións da docente/titora

- participar nos proxectos de colaboración de índole educativo, formativo e divulgativo.
- deixar a súa horta/parcela limpa e baleira en agosto
- reparar ou repoñer aqueles bens ou utensilios que resulten danados, destruídos ou extraviados polo uso inadecuado
- cultivar seguindo principios ecolóxicos e de respecto do medio ambiente. Estando expresamente prohibidos o uso de produtos herbicidas, praguicidas e abonos químicos
- non empregar trampas ou outros métodos de captura para a fauna ou cebos con sustancias velenosas.
- xestionar adecuadamente os desperdicios que se produzan, tendo que compostar dentro da leira ou na composteira municipal os restos vexetais.

#### 8. **Que** os meus dereitos son

- xestionar a horta/parcela e disfrutar dos froitos que esta me proporcione sempre e cando non sexa sancionado/a por incumprimento de normas.
- Participar nunha formación de calidade contando co asesoramento da docente e titora.
- Intercambiar ou trocar entre os mesmos usuarios/as da horta/parcela.
- Recibir cando remate o curso o carné de usuario/a titular e o de persoas acompañantes xunto co número de parcela.

#### 9. **Que** queda expresamente prohibido:

- O cultivo de plantas degradantes do chan.
- O cultivo de plantas psicotrópicas e/ou prohibidas pola lei.
- Modificar a estrutura da parcela.
- A realización de calquera tipo de obra sen autorización do Concello.
- O cultivo de árbores e de arbustos.
- Instalar invernadoiros, fóra dos espazos comúns destinados a tal fin.
- A acumulación ou abandono de calquera material alleo á función da Horta susceptible de alterar a estética do lugar.
- Queimar os restos xerados na Horta ou realizar lume.
- Lanzar os restos xerados na Horta ou restos de roces e limpezas a outras hortas ou solares, e non separar correctamente os residuos xerados para o seu posterior reciclaxe e compostaxe.
- Malgastar a auga.
- Deixar a Horta sen traballar.
- Circular polo interior do recinto con vehículo de motor, Estacionar vehículos ou motocicletas no interior do recinto das hortas.
- Utilizar ferramentas distintas ás establecidas ou permitidas
- A comercialización dos produtos obtidos no cultivo da Horta Municipal Urbana Ecolóxica con criterios estritamente económicos.

**10. Que** a condición de persoa adxudicataria perderase automaticamente por:

- Renuncia ou baixa voluntaria por escrito.
- Defunción, enfermidade crónica ou incapacidade da persoa titular para traballar a horta, os/as seus herdeiros/as ou familiares designados poderán asumir a condición de titulares sempre que cumpran os criterios básicos.
- Perda da veciñanza en Soutomaior.
- Falta de cultivo da parcela durante máis de dous meses seguidos.
- Por acumulación de sancións
- Por causa de forza maior relativa á organización do proxecto.

**11. Que** a infracción das obrigas e demais normas de obrigado cumprimento establecidas neste documento poderán ser obxecto de procedemento sancionador nos termos establecidos no “Funcionamento e Usos da Escola Municipal de Horta Urbana Ecolóxica.” (puntos 32, 33, 34)

**12. Que o** Concello non se fará responsable dos roubos ou actos vandálicos que poidan afectar á Horta pero si adoptará as medidas necesarias para que isto non se repita. O Concello de Soutomaior ten para as súas actividades unha póliza xeral de responsabilidade civil a terceiros en previsión de posibles accidentes que poidan ocorrer no desenvolvemento das actividades que neste caso, son as tarefas de cultivo durante a estancia no recinto da Escola Municipal de Horta. O seguro de accidentes persoal correrá a cargo das persoas participantes no caso de querer subscribilo.

**13. Que** despois do curso as persoas que participarán como acompañantes meus no proxecto son as enumeradas na ficha de inscrición e que pertencen á miña unidade familiar. E, que estas persoas respetarán todas as normas de funcionamento e usos da Horta sendo eu a persoa responsable das súas accións.

**14. Que** xunto a copia deste documento de compromiso se me entrega a calendario de titorías presencias e en liña.

E, para que así conste, asino esta declaración de compromiso e aceptación de normas do proxecto de escola Municipal de Horta Urbana e Ecolóxica en Soutomaior, o 11 de febreiro de 2017.

(Sinatura)